



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 26 de maio de 2020 saíu publicado o acordo da Xunta de goberno da Deputación de Pontevedra, de data 15 de maio, polo que se concede ao Concello de Moaña unha subvención para contratar unha persoa para a oficina de información turística.

A subvención concedida cobre o 75% dos custos de contratación dunha persoa técnica en turismo durante 4 meses. As data previstas para a contratación, na solicitude de subvención, eran do 1 de xuño ao 30 de setembro, sen embargo, debido á situación derivada da pandemia do COVID 19 o cumprimento destes prazos non foi posible. Urxe por tanto a realización do proceso de selección e contratación á maior brevidade posible.

En vista do anterior e consonte co disposto nos artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 41.14.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo R.D. 2568/1986, do 28 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar para este asunto as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia da posta en marcha do proceso selectivo para contratar persoal para a oficina de información turística.

SEGUNDO. Aprobar as bases xerais que regularán a convocatoria deste proceso selectivo segundo o texto seguinte:

BASES XERAIS E CONVOCATORIA DA SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE MOAÑA 2020.

PRIMEIRA: OBXECTO

O obxecto das presentes bases é dispor dun sistema rápido, áxil e que cumpra os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e establecer o procedemento de selección para a contratación laboral temporal dunha persoa que realice as tarefas de información na oficina de turismo do Concello de Moaña.

Duración do contrato: 4 meses.

Tipo de contrato: Contrato de traballo de duración determinada.

Xornada laboral: Xornada completa. O horario distribuirase de luns a domingo.

Retribucións: 1.421,88 euros brutos mensuais que inclúen a prorrata das pagas extraordinarias.





SEGUNDA: CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para seren admitidas á realización das probas selectivas, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público (TREBEP), as persoas candidatas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán acreditar os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.
- c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separada a persoa mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- e) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Diplomatura /Grao en Turismo; Ciclo Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas; Ciclo Superior en Comercialización Turística e Guía ou Certificado de profesionalidade de promoción turística local e información ao visitante (Código HOTI0108)
- f) Non atoparse a persoa incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- g) Non incorrer, coa sinatura do novo contrato e durante o desenvolvemento do mesmo, no suposto de ter estado contratado polo Concello de Moaña por un prazo superior a 24 meses nun período de 30 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous o mais contratos temporais, coas mesmas o diferentes modalidades contractuais de duración determinada.

Todos os requisitos anteriores deberán posuílos as persoas aspirantes o día en que remate o prazo de presentación das solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación.

TERCEIRA: SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha solicitude dirixida á Sra. Alcaldesa da Corporación, na que constarán, polo menos, os datos persoais da persoa que solicita co seu enderezo e a denominación da praza ou posto ao que opta, así como unha declaración de que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos na convocatoria.





Concello de Moaña

A presentación das solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Moaña, na súa sede electrónica, ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello de Moaña ou na súa sede electrónica deberán enviarse vía fax ao Concello (986310104), debidamente seladas, antes da fin do prazo para a presentación de solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes será dende a data de publicación das presentes bases ata o 12 de xuño de 2020.

As persoas aspirantes achegarán xunto coas solicitudes a seguinte documentación orixinal:

- DNI .
- Documento de afiliación á Seguridade Social.
- Titulación esixida ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición desta.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.
- Declaración xurada de cumprir os requisitos sinalados na base segunda, apartados d) e f) sen prexuízo, se é o caso, de ter que acreditarlo, tamén de xeito documental, se así o solicitase o Tribunal.

CUARTA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo sinalado para presentar as solicitudes, publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, as causas da exclusión.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo dun día hábil, contado a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional, para poder emendar, se for o caso, o defecto que motivase a exclusión.

QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

O procedemento selectivo será a través de oposición en quenda libre.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para realizar cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén cos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

A puntuación na fase de oposición será de 10 puntos por todos os conceptos, equivalentes ao 100% da puntuación total do proceso selectivo.





Concello de Moaña

Primeiro exercicio. Exame tipo test. 70% da puntuación. Máximo 7 puntos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que só unha poderá ser correcta. O tempo máximo de realización será de 20 minutos. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a terceira parte da puntuación de cada pregunta acertada e non se puntuarán as preguntas non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de 0 (cero) a 7 (sete) puntos, e será necesario para superalo obter unha puntuación mínima de 3 (tres) puntos.

As preguntas versarán sobre as seguintes materias:

- Coñecemento dos recursos turísticos da provincia de Pontevedra.
- Coñecemento do Concello de Moaña e dos seus recursos turísticos.

Segundo exercicio. Entrevista persoal. 30% da puntuación. Máximo 3 puntos.

As persoas candidatas serán convocadas para a entrevista persoal nun único chamamento, coa perda do dereito para aquelas que non comparezan no lugar e día sinalados.

A entrevista versará sobre o seu currículo, obxectivos profesionais, dispoñibilidade, coñecemento de idiomas, coñecemento dos recursos turísticos da provincia e outras cuestións relacionadas coas tarefas a desenvolver.

A entrevista valorarase de 0 (cero) a 3 (tres) puntos.

SEXTA. CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS

Á cualificación obtida polas persoas aspirantes será a resultante de sumar as puntuacións outorgadas nos distintos exercicios, acadando así a puntuación total final. Determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a listaxe provisional de persoas aprobadas no taboleiro de anuncios do Concello.

Concluído o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará ao órgano competente, a proposta de listaxe ordenada de maior a menor puntuación para a súa aprobación.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dúas ou máis persoas aspirantes, este resolverase outorgando preferencia aos colectivos prioritarios coa seguinte orde de preferencia: Víctimas de violencia de xénero; persoas que formen unha familia monoparental con fillos ao seu cargo; persoas coa renda per cápita máis baixa, segundo os datos que consten na AEAT.

De persistir aínda o empate, será preferente a persoa que leve máis tempo en situación de desemprego, o que se acreditará cun informe da oficina de emprego e vida laboral actualizada, e de persistir aínda, resolverase por sorteo.

A listaxe definitiva de contratación será publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello e servirá de base para a contratación inicial, cobertura de baixas ou novas contratacións para o mesmo posto de traballo, durante o ano 2020.





Concello de Moaña

SÉTIMA: PRAZOS DO PROCESO SELECTIVO

Presentación de instancias: Ata o día 12 de xuño de 2020

Listaxe provisional de admitidos e excluídos: Día 15 de xuño

Período de alegacións á listaxe provisional de admitidos: día 16 de xuño

Listaxe definitiva de admitidos e excluídos: Día 17 de xuño ás 9:00 horas.

Exercicios do proceso selectivo: Día 17 de xuño ás 10:00 horas no salón de plenos do Concello de Moaña.

Resultados Provisionais: Día 17 de xuño

Período de alegacións aos resultados provisionais: Día 18 de xuño.

Resultados Definitivos: Día 19 de xuño.

OITAVA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

As persoas integrantes do tribunal cualificador serán as seguintes:

Presidenta: - Juana M. Rosales Muñoz.

Secretaria: - Carmen Pérez García.

Vogais: - Persoa Técnica de Turismo enviada polo Padroado Rías Baixas.
- María Hernández González
- Ángeles Cabeiro Dopico.


O tribunal poderá incorporar aos seus traballos a persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle; estas limitaranse a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

NOVENA: PUBLICIDADE

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña e na súa sede electrónica.

DÉCIMA: NORMATIVA DE APLICACIÓN

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, no Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos de procedemento de selección dos funcionarios da administración local, no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado, provisión de postos de traballo e promoción profesional, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade autónoma de Galicia e nas demais disposicións legais aplicables.





DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración local tamén poderá, de ser o caso, revisar as resolucións do tribunal segundo o previsto na citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

TERCEIRO. Informar á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.

A Alcaldesa

Diante de min
A secretaria

Leticia Santos Paz

Paula Piñeiro Camiña

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

